GUÍA DE LECTURA

NOVIDADES

BIBLIOTECA ESCOLAR

2º TRIMESTRE

EN IMAXES

Carlos Portela, La cuenta atrás. Este cómic arranca despois da marea negra e vai repasando, indo cara atrás no tempo, a historia do desastre, ata chegar a como era a vida dos protagonistas antes do naufraxio.

Marcel Proust, En busca del tiempo perdido. Primeiro volume da adaptación gráfica do clásico da literatura francesa. Ilustrado por Stéphane Heuet.



Miguelanxo Prado, De Profundis. Historia gráfica baseada nunha serie de cadros do autor, que serviron para desenvolver unha película de animación.



DE CINE

Babel, DVD, Película premiada en varios festivais de cine, cun extraordinario reparto internacional, trata das barreiras que separan á humanidade.

Lisa Tetzner, Los hermanos negros. Emocionante novela gráfica sobre a vida dos nenos desenfeluxadores que eran tratados como escravos na Europa do século XIX.

Eragon, DVD baseado no libro de Christopher Paolini, con aventuras máxicas e dragóns, é unha historia que fala da importancia de crer en nós mesmos.



J. K. Rowling, Los cuentos de Beedle el Bardo. Da autora de Harry Potter, selección de contos fantásticos, recollidos polo profesor Dumbledore e narrados por Hermione.

I.E.S. Lama das Quendas

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

PARA ADULTOS

Stieg Larsson, <u>Los hombres que no amaban a las mujeres.</u> Primeiro volume da triloxía *Millenium* é a crónica dos conflitos dunha familia, do crime e do castigo. Un fenómeno editorial do que se venderon millóns de exemplares no mundo.

Emilio Pinto, <u>La educación de los hijos como los pimientos de Padrón</u>. Este pedagogo de ampla experiencia, trata de axudarnos , a través de casos reais, a prevenir problemas e a aportar ensinanzas extraídas da experiencia con rapaces complicados que saíron adiante.

Alberto Vázquez Figueroa, <u>Coltan.</u> O coltan é un mineral usado nas novas tecnoloxías e que se produce sobre todo no Congo. Segundo o autor, os intereses das multinacionais nel no serían alleos ás guerras o conflitos que destrozan a zona.



PARA TODOS OS PÚBLICOS

Stephenie Meyer, <u>Crepúsculo, Luna nueva, Eclipse</u>, Da famosa saga de vampiros, podes atopar na biblioteca os tres primeiros tomos que contan a historia de amor de Bella e Edward.



Alberto Méndez, <u>Los girasoles ciegos</u>. Este libro conta as historias de posguerra, dende a perspectiva do medo, da dor e a derrota.Un capitán do exército, un neno poeta, un preso e un diácono son as voces das catro historias que conforman esta obra.

Jordi Sierra i Fabra, <u>Kafka y la muñeca viajera</u>. Este libro obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil E Xuvenil do ano 2007, e conta a fermosa historia da relación que se estableceu entre Kafka, nos derradeiros meses da súa vida, e unha nena desconsolada pola perda da súa boneca.

Jorge Bucay, <u>Déjame que te cuente.</u> Demiáné un muchacho curioso que desexa saber máis sobre si mesmo. Jorge, o Gordo, un psicoanalista moi peculiar axudaralle a enfrontarse á vida e a atopar as respostas que busca contándolle cada día un conto



Christopher Paolini, <u>Brisingr.</u> Terceira entrega da saga de novelas fantásticas que teñen como protagonistas a Eragon e a súa dragona Saphira. Conseguiron escapar con vida da batalla cos guerreiros imperiais e danse de conta de que deben seguir co seu entrenamento. Pero antes teñen que rescatar á amada do seu curmán Roran e axudar aos vardenos e os elfos e ananos.

PARA EDUCADORES



Daniel Pennac, <u>Mal de escuela.</u> Dende a perspectiva dun mal estudante, analízanse os males que afectan ás nosas escolas.